



12 de abril de 2011

Alberte Pagán protagoniza hoxe a sesión do Cineclube de Compostela

AG

O Cineclube de Compostela continúa o seu ciclo de cinema coa proxección hoxe de dous traballos de Alberte Pagán (O Carballiño, 1965): *Asahra hurratun!* e *Puílha 17 Janeiro 2010 15:33h*. Os filmes poderán verse esta noite na sede do cineclube, na rúa Santa Clara, 21 de Compostela, onde estará o director.

Pagán asegura que un dos planos de *Asahra hurratun!* que máis lle gusta é "un do deserto cun home minúsculo camiñando. Amósase a pequenez dos humanos no medio do deserto. O contorno que empequenece a xente". A maior parte dos planos duran un minuto polo que o realizador optou por acurtalos se duraban máis dándolles velocidade e, se faltaba, alongáboas facéndollos máis lentos. Pagán define este traballo como unha "película pobre no sentido da arte povera". A calidade da imaxe e o son non son moi boas para reflectir a precariedade na que viven os saharauis, a situación política. Porque o obxectivo deste proxecto "era máis político que artístico".

Pola súa banda *Puílha 17 Janeiro 2010 15:33h* é presentada polo autor como "tese, antítese e síntese. Imaxe: Casa Encantada. Presente e pasado. A vida pasada nas ruínas presentes. Viaxe no tempo. Temporalidade invertida. Simultaneidade de temporalidades encontradas. Son: Casa Encantada. Exterior e interior".

Mércores 13 de abril ás 21:30 no Pichel

Asahra hurratun! (Galiza, 2009,) 48 min. V.O.

Puílha 17 Janeiro 2010 15:33h (Galiza, 2010) 15 min. V.O.

[noticias](#) [entrevistas](#) [estreas](#) [críticas](#)